



▼ FORMACIÓN

Curso virtual sobre patrimonio xenético

Unións Agrarias pretende recuperar e poñer en valor a diversidade biolóxica galega

R.P.

O 11 de xuño dará comezo un curso, a través de Internet, sobre Valorización e recuperación do patrimonio xenético autóctono galego, organizado pola Plataforma Agroformación de Unións Agrarias e cofinanciado polo Fondo Social Europeo e a Fundación Biodiversidade.

O obxectivo do curso é contribuír á conservación da diversidade biolóxica, para o que se considera necesario promover e potenciar as explotacións agrarias tradicionais, especialmente as ubicadas nas zonas incluídas na rede Natura 2000.

A acción formativa basease na potenciación da agricultura ecolóxica, a reintrodución de razas e especies animais e vexetais autóctonas e na aplicación de programas agroambientais.

Estas iniciativas pasan, necesariamente, pola formación dos agricultores e gandeiros que desenvolven a súa actividade no medio rural, o fomento do cooperativismo, así como doutras fórmulas organizativas que axuden ao mantemento e preservación destas prácticas agrícolas e compatibles coa conservación da biodiversidade.